

## **CURTAS GAÑADORAS - FESTIVAL DE CANS**

Minutado total da sesión: 75 minutos.

Nacido no ano 2004, o Festival de Cans é un dos festivais máis singulares de Galicia, e case diríamos que da Península. Cans é un festival de cine diferente, que se celebra nunha aldea de apenas 300 persoas, no que os filmes se proxectan nas propiedades dos veciños e o público é transportado en chimpíns (pequenos tractores domésticos). Durante o festival os alpendres e a adegas convértense en salas de cinema, os galiñeiros e invernadoiros en salas de concertos e os chimpíns en transporte de liña regular. Durante catro días, a aldea estoupa de alegría e recibe ata 11.000 persoas, como na última edición.

Alén do seu formato festivo, Cans é unha das grandes plataformas para as novas e novos creadores audiovisuais. Cada ano, o Festival de Cans da a coñecer a última fornada de directoras e directores. Un premio en Cans é un gran paso para construír una carreira como cineasta.

Sesión de proxección:

### **“Catorce Cans” de Isaura Docampo**

documental, Ano 2018

Dura: 21 minutos

*Sinopse:* Cada ano, o Festival de Cans convida a unha directora ou director a filmar a súa visión sobre o festival. “Catorce Cans” é a visión da cineasta Isaura Docampo, que durante unha semana estivo no festival captando o espírito de Cans, onde se mesturan grandes directoras e directores, con xornalistas, estudantes de cine, voluntarios e, sobre todo, veciñas e veciños, a alma do festival.

### **“Europa” de Hugo Amoedo**

Non ficción, Ano 2018

Dura: 29 minutos

Premio do xurado á mellor curta de non-ficción (Furacáns)

Lingua: esp/gal.

Dirección, guión e montaxe: Hugo Amoedo

Elenco: Hugo Amoedo, María Pérez

*Sinopse:* Hugo Amoedo, cineasta galego afincado en Bruxelas, traza neste traballo a xeito de videodiario, a crónica da crise existencial dun mozo galego emigrado, coas súas dúbidas, os seus medos e incertezas. “Europa” forma parte dunha “triloxía belga”, do autor, xunto “Camping Wesertal” (2013) e “Young Professionals”, o se próximo traballo.

### **“El reloj” (O reloxo), de Borja Santomé**

Animación, Ano 2017

Duración: 5 minutos

Sen diálogos

Premio do xurado á mellor curta de animación no último Festival de Cans.

Dirección, guión e montaxe: Borja Santomé

*Sinopse:* Narrada a través dunha singular técnica de animación que aplica tinta sobre vidro, “El Reloj” é un relato sobre a viaxe e o cambio, sobre o paso da costa á gran cidade e o diálogo entre o doce e o macabro. Un xove explorador descóbrenos esa parte inqueda da cidade, vagando polas calellas a modo de observador desquiciado.

Borja Santomé é un dos creadores galegos máis interesantes no ámbito da animación, onde experimenta con técnicas arriscadas afastadas da animación convencional. Residente habitualmente en Londres, Santomé xa conseguirá na pasada edición unha mención especial do xurado en Cans.

### **“Matria” de Álvaro Gago**

ficción, Ano 2017

Dura: 20 min.

Lingua: gal.

Por vez primeira na historia do Festival de Cans, a mesma curta levou o Premio do Xurado, o Premio do Público e o Premio das Veciñas e Veciños de Cans. Ademais levou tamén o premio á Mellor interpretación feminina para Francisca Iglesias.

Desde que fóra premiada no Festival de Sundance, “Matria” tivo un exitoso percorrido, que a converteu na curtametraxe galega máis premiada internacionalmente de todos os tempos.

Dirección, guión e montaxe: Álvaro Gago

Produción: Álvaro Gago, Sombriza films

Fotografía: Lucía C. Pan

Elenco: Francisca Iglesias, Eulogia Chaves, Sara Dios, Pilar Fragua

*Sinopse:* “Matria” é un duro retrato da vida das mulleres que traballan nas conserveiras na comarca galega de Arousa, mais tamén unha pequena homenaxe á esas mulleres-heroínas que escriben desde o anonimato o relato cotiá da nosa historia. A curta conta a historia de Ramona, que vive cun marido co que apenas se comunica, e traballa nunha fábrica de conservas gobernada por unha encargada tirana. Ante esta oscura rutina diaria, Ramona trata de refuxiarse na relación que lle une á súa filla e á súa neta.

Álvaro Gago é un dos directores máis prometedores do panorama actual das curtametraxes galegas. O éxito sen precedentes que conseguen con “Matria”, leva a pensar en Gago como a máis firme promesa do cinema galegonestes momentos. É a segunda vez que Álvaro Gago gaña o Festival de Cans, despois que no 2015 lograra o Premio do xurado coa curta “Curricán”.